

UNIDADE 8. A POBOACIÓN ESPAÑOLA.

ÍNDICE TEMÁTICO.

8.1. FONTES DEMOGRÁFICAS.

8.2. A DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN.

8.3. OS MOVEMENTOS DA POBOACIÓN.

8.4. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN ESPAÑOLA.

8.5. A POBOACIÓN GALEGA.

8.1. FONTES DEMOGRÁFICAS.

A **xeografía da poboación** estudia as relacións entre a poboación e o espazo xeográfico. A **demografía** analiza en termos cuantitativos a poboación, a partir dos datos proporcionados polas fontes demográficas. As fontes demográficas son:

- O **censo** é o recento individualizado da poboación do país nun momento determinando, recollendo datos demográficos, económicos e sociais.
- O **padrón municipal** é o rexistro dos veciños dos termos municipais, recollendo datos demográficos, económicos e sociais.
- O **rexistro civil** anota e certifica nacementos, matrimonios e defuncións, que pasan a formar parte dos libros de Movemento Natural de Poboación.

Outras fontes demográficas son as estatísticas e as enquisas (Anuarios Estatísticos do INE, Estatística de Variacións Residenciais e a Enquisa de Poboación Activa)

8.2. A DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

España ten 47.212.990 de habitantes (censo de 2012) distribuídos irregularmente polo espazo do estado. A densidade de poboación española

foi aumentando ao longo do tempo ata situarse nos 82,6 hab/Km² que non expresa un valor exacto e oculta fortes desequilibrios espaciais definidas en **grandes áreas poboacionais** (Madrid, periferia peninsular e Baleares e Canarias) e **grandes áreas de baldeiro** (interior peninsular e áreas de montaña). A orixe destes fortes desequilibrios remóntase á Idade Moderna, a partir do século XVI, cando as densidade máis altas localizábanse no centro norte-peninsular. Na crise económica do século XVII, producíronse movementos demográficos de Castela cara a periferia ata que no século XVIII a situación se invirta, sendo as rexións costeiras e insulares as de densidades máis altas. O desequilibrio consolidouse no século XIX, aumento poboación Madrid e as rexións periféricas, ben polo seu alto crecemento natural (Galicia, Andalucía e Murcia) ben pola instalación de industrias que atraeron a poboación (Asturias, País Vasco, Cataluña). No século XX agudizáronse os contrastes, sobre todo a partir do éxodo rural interior cara novas áreas industriais na década de 1960. Dende 1975 véñense reducindo as diferencias a causa da desindustrialización e o paro provocados pola crise económica. As tendencias actuais, marcadas pola primacía dos servizos, a difusión espacial da industria, a agricultura tecnificada e o desenvolvemento endógeno, apuntan á consolidación demográfica de Madrid, do eixe mediterráneo e do val do Ebro.

8.3. OS MOVEMENTOS DA POBOACIÓN.

8.3.1. **O movemento natural da poboación**: é o crecemento ou decrecemento da poboación por causas naturais (balance entre natalidade e mortalidade). O **crecemento natural** ou **crecemento vexetativo** é a diferenza entre a natalidade e a mortalidade. Existen taxas para medir factores relacionados co movemento natural da poboación: taxa de natalidade, taxa de fecundidade, índice sintético de fecundidade, taxa de mortalidade, mortalidade infantil, esperanza de vida e crecemento natural.

8.3.1.1. **Os réximes demográficos:** na evolución do movemento natural da poboación española distínguese diversas etapas ou **réximes demográficos: rexime demográfico antigo, transición demográfica e réxime demográfico moderno.**

- **O réxime demográfico antigo (ata ppos S. XIX):** cacterízase por altas taxas de natalidade e mortalidade e un crecemento natural baixo. A natalidade presenta valores elevados (predominio dunha economía e unha sociedade rurais, inexistencia de políticas de planificación familiar ou métodos anticonceptivos) e a mortalidade era alta e oscilante (dieta alimentaria escasa e desequilibrada, enfermidades infecciosas e atraso da medicina, mortalidade catastrófica e alta mortalidade infantil)
- **A transición demográfica (1900-1975):** iníciase máis tarde ca noutros países de Europa occidental e a súa duración foi menor, pero tivo máis intensidade. Caracterízase polos seguintes elementos:
 - A natalidade descendeu de forma suave e descontinua: (1920-1930: prosperidade económica permite recuperación natalidade) (1930-1956: restablecese descenso coa crise económica de 1929 e a inestabilidade política da Segunda Guerra Mundial e a Guerra Civil Española xunto coa inmediata posguerra (1940-1955) coas dificultades económicas da política autárquica franquista. Entre 1956 e 1965 recúperase a natalidade (*baby-boom posbélico?* e final da autarquía) Entre 1965 e 1975 a culminación das migracións interiores e os problemas de vivenda reduciron a natalidade.
 - A mortalidade xeral descendeu de forma constante e masiva: avances médicos sanitarios (comercialización dos antibióticos e xeneralización dos partos clínicos); aumento do nivel de vida e cultural (na década de 1960 supérase a malnutrición e

escaseza de posguerra, abandono de costumes tradicionais nocivos) e diminución mortalidade infantil.

- O crecemento natural da transición foi alto, especialmente entre 1920 e 1970, período no que a mortalidade descendeu fortemente e a natalidade rexistrou dous máximos separados pola Guerra Civil.
- **O réxime demográfico actual (a partir de 1975):** caracterízase por baixas taxas de natalidade e de mortalidade e por un escaso crecemento natural. O afundimento da natalidade vense producindo dende 1975 sendo hoxe moi baixa (1‰ en 2001) cun índice sintético de fecundidade de 0,9 fillos por muller (1,26‰ en 2007). A natalidade só experimentou unha recuperación escasa a partir da inmigración. As súas causas son: a situación económica actual (precarización do emprego, alto prezo das vivendas, retraso no matrimonio dos mozos, escaseza de traballos a tempo parcial, etc) o cambio de patróns culturais (diminución da influencia relixiosa, despenalización e difusión dos anticonceptivos, crecente incorporación das mulleres ao traballo, xurdimento de estruturas familiares distintas e menos prolíficas) e o aumento de nivel do nivel de vida e do nivel cultural (aspiración a melloras materiais, progreso da protección social). A mortalidade mantense en cifras baixas, arredor do 8,91‰ en 2001, aínda que dende 1981 experimenta un lixeiro ascenso debido ao avellentamento da poboación. As causas da mortalidade xeral mudaron, diminuindo a importancias das enfermidades infecciosas e aumentando as enfermidades cardiovasculares, o cancro e os accidentes da estrada, medrando tamén a incidencia do Alzheimer. A mortalidade infantil tamén é baixa, sobre todo neonatal. O descenso da mortalidade presenta diferencias entre os sexos (maior esperanza de vida entre as mulleres) e entre profesións (a mortalidade é maior

canto menor é a cualificación e o nivel social). O crecemento natural actual é moi baixo (1,12‰ en 2001).

8.3.1.2. Os desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación: Aínda que o crecemento natural é baixo en todo o estado español, existen contrastes debidos a diferente estrutura por idades (grao de mocidade ou avellentamento da poboación). É o resultado de factores herdados e actuais como o distinto comportamento tradicional da natalidade e as diferencias do desenvolvemento económico (avellentamento demográfico das rexións emigratorias, rexuvecemento das rexións inmigratorias) A diversa incidencia destes factores explica os desequilibrios territoriais actuais nas que as comunidades autónomas con taxas de natalidade superiores e taxas de mortalidade inferiores á media con aquelas con importantes desenvolvementos económicos xeradores de procesos migratorios; e aquelas comunidades autónomas con taxas de natalidade inferiores e taxas de mortalidade superiores á media son as que presentan a poboación máis envellecida e foron ou son afectadas por unha forte emigración.

8.3.2. Os movementos migratorios: as **migracións** son movementos de poboación no espacio. A **emigración** é a saída de poboación dende o seu lugar de orixe. A **inmigración** é a chegada de poboación dende un lugar de destino. O **saldo migratorio** é o balance entre a inmigración e a emigración ($SM=I-E$).

8.3.2.1. As migracións interiores: son os movementos de poboación dentro das fronteiras do país. Podemos diferenciar entre **migracións interiores tradicionais** (ata 1975) e **migracións interiores actuais**.

As **migracións interiores tradicionais** desenvolvéronse entre o último tercio do século XX e a crise económica de 1975, protagonizadas por campesiños que se dirixiron a outras áreas agrarias ou a grandes cidades industrializadas. Podemos distinguir dous tipos de migracións interiores

tradicionais: as **migracións estacionais e temporais** (último tercio do século XIX e a década dos anos 60: labores agrarias ou desprazamentos temporais á cidade) e o **éxodo rural** (1960-1975: migración entre áreas rurais e rururbanas con carácter definitivo ou de longa duración) As etapas do éxodo rural son: 1) primeiro tercio do século XX: crise da filoxera e inicio da mecanización do traballo agrícola + oferta de traballo industrial e auxe das obras públicas durante a ditadura de Primo de Rivera, 2) Guerra Civil e posguerra: estancamento do éxodo rural. 3) 1950 e 1975: maior volume do éxodo rural. Causas: crecemento demográfico, crise da agricultura tradicional, auxe industrial, apoxeo do turismo. 4) Dende 1975: decadencia do éxodo rural: crise industrial, desenvolvemento das competencias autonómicas e políticas de desenvolvemento rexional.

As **migracións interiores actuais** prodúcese dende 1975, iniciándose un novo sistema migratorio con procedencias heteroxéneas (municipios urbanos) e destinos interprovincias, entre áreas con escaso desenvolvemento e os centros locais de actividade económica. As causas da emigración e o perfil dos emigrantes son diversos dando lugar a correntes migratorias residenciais (intraurbanas, poboación nova) laborais (traballadores pouco cualificados do rural ou de centros industrializados en declive ou traballadores do sector terciario) de retorno rural (antigos emigrantes a partir de 1980 con xubilacións anticipadas e correntes neorruralistas) xunto aos movementos habituais de poboación (desprazamentos periódicos por motivos de traballo –movementos pendulares- e lecer.

As migracións interiores tradicionais (sobre todo o éxodo rural) trouxo importantes desequilibrios demográficos, influíndo na estrutura de poboación (elevación do índice de masculinidade), xeración dunha deseconomía de subpoboación (descenso da produtividade e rendemento), problemas de integración e abandono e deterioro dos ecosistemas

tradicionais. As migracións interiores actuais causaron o sobreavellentamento das áreas urbanas e incrementos de poboación nas periferias receptoras; acrecéntanse os desequilibrios demográficos e económicos, sobreavellentamento das zonas rurais (retorno emigrantes). Os movementos pendulares relacionados co traballo ocasionan problemas de circulación nas cidades e un incremento dos ingresos nas zonas receptoras.

8.3.2.2. As migracións exteriores: son os movementos fora das nosas fronteiras. Dende mediados do século XIX ata 1975, España foi un país de emigrantes cun destino tradicional latinoamericano e na Europa occidental. Actualmente, España é país de inmigracións (12% da poboación total española en 2006)

A **emigración transoceánica** ou a ultramar dirixiuse cara América Latina, Estados Unidos, Canadá e Australia. Pódense distinguir as seguintes etapas:

- Etapa de auxe (mediados S. XIX-1914): Redúcese a emigración cara América (política populacionista Borbóns) ata 1853, coa política de atracción de inmigrantes. Emigrantes de procedencia atlántica (galegos, asturianos e canarios) con destino en Arxentina, Cuba e Brasil. O perfil era de home, labrego e cun baixo nivel de cualificación. As causas foron a estrutura agraria das zonas de procedencia.
- Etapa de descenso da emigración transoceánica (1914-1945) As causas foron a propia inseguridade creada polos conflitos (PGM, Guerra Civil Española, SGM) e a crise económica de 1929.
- Etapa de recuperación da corrente ultramarina (1945-1960) Cambios políticos: autorizacións libre circulación transfronteiriza (1946), levantamento illamento internacional (ONU: 1949) e cambio política internacional. A procedencia segue a concentrarse dende Galicia, seguida de Canarias, decaendo a emigración asturiana (siderurxia). O destino prioritario é Venezuela (petróleo, sector terciario) seguida de Arxentina e Brasil. O perfil

dos emigrantes é de maior cualificación (agricultores preparados, obreiros e técnicos industriais) reducíndose a corrente migratoria.

- Etapa de descenso da emigración ultramarina (dende 1960) Emigración con destino na Europa Occidental. Actualmente mantense as cifras moi baixas e predominan os retornos.

A **emigración permanente a Europa** (con contrato de traballo dun ano ou máis de duración) tivo tres etapas ben diferenciadas:

- Ata mediados do S. XX: dirixiuse principalmente a Francia, integrada por agricultores estacionais, obreiros da construción e servizo doméstico con procedencia do campo levantino ou refuxiados políticos da Guerra Civil, rematándose na Segunda Guerra Mundial.

- 1950-1973: período de maior auxe de emigración a Europa. Ampla oferta de emprego polas políticas de reconstrución posbélicas cubertas polo forte crecemento demográfico español, o excedente da poboación agraria e a insuficiencia da industrialización para absorber man de obra, aumento do paro polos Plans de Estabilización e a desaparición das vantaxes da emigración ultramarina. A procedencia era masiva, destacando Andalucía e Galicia e os seus destinos foron Francia, Alemaña e Suíza. O perfil era varón, con pouca cualifiación e desempeñando as tarefas máis duras e peor pagadas, rexeitadas polos traballadores autóctonos.

- Dende 1973: a emigración permanente a Europa decaeu (crises, diminución da contratación). Actualmente. Existe unha emigración de tempada e temporal, integrada por homes andaluces e galegos cara Suíza ou Francia, con ocupacións agrícolas ou industriais.

8.3.2.2.1. **Consecuencias das migracións exteriores:** tiveron importantes consecuencias demográficas (diminución de efectivos e desequilibrios) económicas (positivas: financiamento do desenvolvemento económico español e negativas: investimento for a das areas de partida e dos bens

produtivos) e sociais (desarraigo, deficientes condicións de vida e laborais, readaptación)

8.3.2.2. **A emigración exterior actual:** España deixou de ser un país de emigración debido a maior formación da man de obra, ao aumento do nivel da vida e da propia competencia nos lugares de destino con inmigrantes de países subdesenvolvidos.

8.3.3. **A inmigración actual e as súas consecuencias:** dende o pasado lustro España está recibindo un volume importante de inmigrantes que actualmente configuran o 10% da poboación española. Pódense clasificar en tres grupos: **nacionalizados** (españóis de pleno dereito) **legais** (con permiso de residencia pero coa súa nacionalidade de orixe) e **ilegais**. Os inmigrantes proceden na súa maioría de Europa do Leste (Rumanía, Polonia, Ucraia, etc) de África (Marrocos, Senegal, Nixeria, etc) e de América Latina (Arxentina, Colombia, República Dominicana, Ecuador, Bolivia, etc) e Asia (China, Filipinas, Pakistán, etc) Os seus destinos principais son: Cataluña, Madrid, Andalucía, Comunidade Valenciana e Canarias). As causas asociadas ao perfil dos inmigrantes derívanse en **inmigrantes comunitarios** (xubilados no litoral mediterráneo ou adultos atraídos polas posibilidades de traballo) e **inmigrantes extracomunitarios** (motivos económicos: carencia de traballo e recursos nos países de orixe – motivos políticos: persecución ou falta de dereitos civís. Son predominantemente mozos con baixa cualificación).

A **Lei de Estranxería** regula todos os aspectos da inmigración: entrada no país e cotas, modalidades de presenza (estancia ou residencia), dereitos e liberdades, así como condición de traballo e procedementos de expulsión. Esta lei foi modificada en 1999 e 2004. As consecuencias da inmigración aprécianse en cuestións demográficas (estrutura máis nova, ralentización do descenso da natalidade) económicas (tensións laborais, relativización da poboación activa) sociais (temor á redución da identidade nacional,

actitudes xenófobas e racistas, duras condicións laborais, falsas acusacións de delitos sociais, dificultades na integración)

8.3.3. O crecemento real da poboación:: obtéñese sumando o crecemento real e o saldo migratorio.

$$CR: CN (\text{Nacementos} - \text{Defuncións}) + SM (\text{Inmigrantes} - \text{Emigrantes})$$

Dende principios do século XX ata hoxe os efectivos demográficos dobráronse, mais o crecemento non foi constante. Distingúense tres etapas na evolución da poboación española:

- 1) Crecemento baixo (mediados s. XIX a pps do XX): crecemento natural escaso (altas taxas de natalidade e mortalidade) e emigración á ultramar.
- 2) Alto crecemento (1900-1975) especialmente na década de 1960 (elevado crecemento natural da transición demográfica). Persistencia da mortalidade catastrófica (epidemia da gripe de 1918) ou de conflitos bélicos (Guerra de Marrocos e Guerra Civil Española). Emigración cara ultramar e Europa.
- 3) Crecemento moi baixo (dende 1975) Escaso crecemento natural (estancamento da natalidade e baixas taxas de mortalidade) Acción compensadora dos emigrantes retornados con efectos mínimos e forte inmigración estranxeira. Actualmente moitos territorios españois presentan saldos negativos (p.e. Ourense, Soria, Almería)

8.4. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN ESPAÑOLA.

A **estrutura da poboación** reflicte as características da súa composición por sexo e idade e por actividade económica.

8.4.1. **Estrutura por sexo e idade**

A **estrutura por sexo** é a relación entre o número de homes e de mulleres que compoñen a poboación. Exprésase a través das **taxas de masculinidade ou de feminidade**, canto máis se afaste o índice de 100, maior será o desequilibrio entre sexos.

Sempre nacen máis homes que mulleres, pero os efectivos vánse igualando e hai máis anciás, debido a maior migración dos homes cara o exterior.

Na **estrutura por idade** utilízase, sobre todo, o **índice de avellentamento** ou porcentaxe de persoas de 65 e máis nunha poboación. Cando o índice supera o 12% considérase que a poboación está envellecida.

$\text{Índice de envellecemento} = \frac{\text{poboación de 65 e máis} \times 100}{\text{poboación total}}$

España ten unha estrutura de idades envellecida debido a redución da porcentaxe de mozos (0-14 anos) polo descenso da natalidade (2001: 15,66%); ao aumento dos adultos (15-64 anos. 2001: 67,27%) e ao aumento dos anciáns (índice de envellecemento en 2001: 17,07%). A maior proporción de anciáns atopábase no interior e no norte peninsular (baixas taxas de fecundidade, alta esperanza de vida e sobreavellentamento polo retorno de emigrantes) As causas de envellecemento son o descenso da natalidade e o aumento da esperanza de vida. As consecuencias do envellecemento aféctalle ao financiamento das pensións (cotizacións baseadas nos traballadores en activo); aos recursos sanitarios (consumo de estancias hospitalarias, receitas e visitas médicas) e a aspectos sociais (problemas de residencia)

8.4.2. **Estrutura económica da poboación**: inclúe o estudo da poboación que contribúe coa súa actividade ao proceso produtivo (poboación activa) e o dos distintos sectores en que se desenvolve esa actividade (sectores económicos: primario-secundario-terciario).

8.4.2.1. **A poboación activa**: é conxunto de persoas de 16 e máis anos que subministran ou están en disposición de subministrar man de obra para a

producción de bens e servicios. Comprende a poboación activa ocupada e desocupada. A poboación inactiva é a que non ten traballo remunerado (pensionistas, rendeiros, estudantes, etc). Na evolución da taxa de actividade compre distinguir entre o descenso ata datas recentes (emigración e aumento da taxa de dependencia) e aumento da poboación activa dende 1987 (crecente incorporación da muller). Ataxa de actividade presenta variacións en función do sexo (descenso da taxa de actividade masculina, aumento da taxa de actividade feminina), en función da idade (maiores taxas masculinas: 25-54 anos/maiores taxas femininas: 20-24 anos), en función do territorio (maiores taxas de actividade nas zonas de maior dinamismo económico: costa mediterránea, arquipélagos canario e balear, País Vasco, Barcelona e Madrid)/taxas máis baixas nos territorios con maior porcentaxe de poboación nova (Andalucía) ou envellecida (interior peninsular) e zonas afectadas pola crise industrial (Asturias e Cantabria).

Na evolución da taxa de paro poden distinguirse diferentes etapas:

- Ata 1973: non superaba o 3% da poboaciónb activa. A presión demográfica sobre o mercado de traballo atallábase coa emigración e unha escasa incorporación da muller ao mundo laboral.
- 1973-1985: grande aumento do paro pola crise, a reconversión industrial e o retorno dos emigrantes españois do estranxeiro, a crecente inorporación da muller e a demanda de emprego dunha poboación moza numerosa.
- 1985-1995: lene retroceso do paro ata 1990 (melloras económicas) e volve a medrar ata 1995 (crise do 1993).
- Dende 1995: a taxa de paro descende progresivamente (11% en 2002) nunha coxuntura económica óptima e as expectativas de emprego máis amplas entre efectivos menos numerosos. Dende 1994 emprendéronse reformas lexislativas para flexibilizar o mercado

laboral que pretenden compatibilizar a competitividade das empresas e os dereitos dos traballadores.

O paro experimentou variacións en función da idade (forte desemprego xuvenil), do sexo (maior paro feminino) do nivel de instrución (maior paro canto menor cualificación) da estacionalidade e da comunidade autónoma (maior desemprego canto menor desenvolvemento económico)

8.4.2.2. **Os sectores económicos**: a evolución dos sectores económicos foi:

a) sector primario:

- Principios do século XX: sector predominante (66,3% dos activos). No primeiro tercio de século estivo obsérvase un descenso polo éxodo rural.
- 1936-1950: recuperación polas dificultades económicas, de emprego e alimentación. A política franquista de colonización favoreceu a permanencia no campo (extensión do regadío e creación de novos núcleos de hábitat rural)
- 1950-1975: progresiva redución do sector pola aceleración do éxodo rural e a mecanización do campo.
- Dende 1975: desaceleración do descenso (detención do éxodo rural) e niveis baixos (6,1% da poboación activa en 2001). Cabe esperar un descenso, a medida que a modernización agraria obrigue ao abandono das explotacións tradicionais pouco rendibles.

b) sector secundario:

- principios do século XX: incluía a unha escasa porcentaxe poboación activa (16%) polo insuficiente desenvolvemento industrial. Durante o primeiro tercio do século XX medrou polas obras públicas da dictadura de Primo de Rivera.
- 1936-1950: destrución das industrias e retorno da poboación ao campo pola política autárquica franquista.

- Na década dos sesenta: auxe do sector secundario, impulsado polos plans de desenvolvemento e o aumento das construcións nas cidades.
- Dende 1975: a poboación activa neste sector diminuíu pola crise económica e o transvase cara o sector terciario. A industria moderna require tecnoloxías que non precisa da man de obra dando lugar á terciarización da industria (en 2001: 30,2% da poboación activa)

c) sector terciario: en 1900 partía de porcentaxes baixas (17,8% da poboación

activa) e medrou ao longo do século, agás entre 1936 e 1950. En 2001, ocupaba a

maior parte da poboación activa (63,7%). As causas deste crecemento foron o aumento do nivel económico e do nivel de vida, os cambios operados na industria e o incremento de servizos públicos pola creación das administracións autonómicas e o desenvolvemento do Estado de Benestar.

8.4.3. **O futuro da poboación española**: desde 1975 España pasou de ser un país natalista, novo e migratorio a converterse nun país coa taxa de natalidade máis baixa do mundo, envellecido e inmigratorio, comportando cambios de orde económica, social e cultural. As distintas proxeccións do futuro demográfico español son:

- Natalidade: posible recuperación. Dende 1998 as taxas de natalidade e o número de fillos por muller incrementáronse lixeiramente rompendo unha tendencia á baixa desde 1970. Algunhas fontes relativizan este fenómeno por coxuntural (superior fecundidade da poboación inmigrante) ou pola escasa modificación das causas que provocaron anteriormente o descenso da natalidade (tardía despenalización dos anticonceptivos –1978-, progresivo incremento da muller ao mundo laboral e escasa inversión do descenso da

nupcialidade, insuficiencia das medidas económicas de apoio ás familias).

- Mortaldade: prevese un incremento da taxa polo envellecemento da poboación, co aumento da esperanza de vida.
- Migracións: A emigración exterior seguirá paralizada, aumentando a inmigración (reagrupamento familiar e xubilados europeos nas zonas turísticas)
- Crecemento natural: as cifras incrementaranse, descendendo logo polo envellecemento demográfico.
- Estrutura por sexo: haberá máis anciás (maior esperanza de vida das mulleres) acortándose a diferenza cos homes, diminuindo o ritmo de aumento da esperanza de vida das mulleres.
- Estrutura por idade: cara o 2050, España será un dos países máis envellecidos do mundo, cunha escasa porcentaxe de mozos (12,6%) e unha elevada porcentaxe de anciáns (31,1%)
- Estrutura económica: a taxa de actividade medrará ata 2015, sobre todo a feminina. Será necesario recorrer á poboación inmigrante para poder manter as pensións o actual nivel de benestar.

8.5. A POBOACIÓN GALEGA.

8.5.1. **efectivos demográficos de Galicia**: segundo o censo de 2001, Galicia conta con 2737370 habitantes, cunha densidade de poboación de 92 hab./Km2 con grandes desigualdade internas na distribución dos efectivos demográficos. As maiores densidades atópanse nos municipios costeiros cunha economía máis diversificada (Golfo Ártabro, Eixe Santiago-Vilgarcía de Arousa e Ría de Vigo). Pola contra os concellos de interior, nas provincias de Lugo e Ourense, acadan as menores densidades de poboación, especialmente nas áreas montañosas.

8.5.2. **O movemento natural da poboación**: Ata a década de 1930 Galicia

mantívose de no réxime demográfico antigo (alta fecundidade 32‰-mortalidade 20‰) A partir do *baby-boom* posbélico comezou un lento proceso de diminución dos nacementos, acusándose entre os anos sesenta e setenta (expansión do uso de medios anticonceptivos, incorporación da muller ao mundo laboral). A taxa bruta de natalidade pasou de 16,13‰ en 1975 ao 7,12‰ en 2001. Nas provincias de Ourense e Lugo, o índice é menor, cun 5,51‰ e un 5,30‰. A **mortalidade** seguiu unha evolución paralela, cun descenso xeralizado, rexistrándose un estancamento global da mortalidade polo envellecemento da poboación. Nas provincias orientais de Galicia este proceso conleva unha involución e un incremento da mortalidade: en Lugo, a taxa bruta de mortalidade pasou do 12,11‰ en 1975, ao 13,90‰ en 2000 e en Ourense, pasou do 10,27‰ ao 13,28‰.

8.5.3. **Os fenómenos migratorios en Galicia**: a emigración preséntase como un fenómeno inherente ao territorio galego. No contexto dos movemento migratorios do século XX, hai que diferenciar dúas etapas que evidencian os destinos dos emigrantes:

- Migracións transoceánicas (ata 1960: a mediados do século XX os galegos emigrados cara Iberoamérica supuñan o 33% do total nacional. Saídas masivas cara Arxentina, Brasil, Venezuela, Uruguay ou Cuba)
- Emigración cara Europa (desde 1960: co estímulo das facilidades ofrecidas polos países de Europa occidental cos procesos de industrialización posbélicos en Alemaña, Francia, Suíza, Bélxica ou Gran Bretaña. Desde 1961 ata 1980 saíron dos portos galegos máis de 300000 emigrantes, cunha maior porcentaxe de mulleres que na corrente transoceánica. Galicia constitúe unha das poucas comunidades españolas que contribuíu activamente nos dous fluxos migratorios do século XX.

8.5.4. **O crecemento real da poboación galega**: ao longo do século XX a

taxa de crecemento na nosa comunidade autónoma foi case sempre positiva, aínda que en comparación co resto do territorio español caracterízase pola súa variabilidade con constantes altibaixos condicionados pola progresión dos movementos migratorios, que deceleraron o crecemento da poboación galega.

8.5.5. **A estrutura de poboación:**

- a) estrutura por idade e sexo: a media de idade da poboación galega é de 42 anos. En 2000, un 20,24% dos galegos tiña máis de 65 anos, un 60,92% atopábase entre os 20 e os 64 anos e tan só un 18,84% era menor de 20 anos. O control de natalidade, o aumento da esperanza de vida e as correntes migratorias son as causas do envellecemento da poboación galega. A perda demográfica nos sectores de poboación en idade fértil (entre os 20 e os 40 anos) indica que o cambio xeracional non está garantido, sobre todo en Ourense e Lugo. A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior dinamismo, aínda que tamén se perciben os efectos do descenso de natalidade. A estrutura de poboación por sexos foise equilibrando nos últimos decenios tras un notable descenso do sector masculino (fluxos migratorios e incidencia da Guerra Civil).
- b) Estrutura socio-laboral: ao longo do século XX a taxa de actividade en Galicia foi sempre superior á media nacional debido ao enorme predominio do sector primario, aínda que hoxe en día ten unha taxa inferior á española. O éxodo rural e o retorno de emigrantes deron lugar a unha diversificación na estrutura laboral da poboación. A distribución da poboación activa galega por sectores defínese por unha marcada importancia das actividades primarias (16,7% en 1998), unha escasa ocupación relativa no sector industrial (18% en 2001) e unha progresiva e incesante terciarización (48%).